

Motivos polos que **ANPE NON ASINOU** o recente acordo retributivo:

- ✓ Pechado nos despachos. Fóra da Mesa negociadora.
- ✓ Asínase sen o profesorado nas aulas.
- ✓ O peor de todos os acordos firmados anteriormente.
- ✓ Non acada os 100 € do 2003; é o peor dos asinados.
- ✓ Ocupa 4 períodos presupuestarios. Ata 2021.
- ✓ Incorpora os fondos adicionais estatais.
- ✓ Non permite recuperar o poder adquisitivo perdido.

Este ano 2018 perdemos cartos co acordo:

Subida acordo nacional	1,75 %
Subida Galicia (15 € x 3 meses)	0,20 %
Total subida salarial	1,95 %
IPC previsto 2018	2,20 %

VOLVEMOS A PERDER 0,25 % DO NOSO SOLDADO!!!

VOTA POLO PROFESORADO
VOTA POLO ENSINO PÚBLICO
VOTA ANPE



Somos o
único Sindicato
da Mesa Sectorial
que defende
EXCLUSIVAMENTE
o Ensino Público

Vota
ANPE
SINDICATO INDEPENDENTE

ANPE, o sindicato de docentes do Ensino Público

#SonDocente
#SondoEnsinoPúblico
#SondeANPE



CREMOS NUNHA EDUCACIÓN PÚBLICA DE CALIDADE

DOCENTES DO ENSINO PÚBLICO: A NOSA RAZÓN DE SER

- **RECUPERAR O PODER ADQUISITIVO PERDIDO.** Non asinamos o MAL Acordo Retributivo de fai uns meses. ANPE solicita a recuperación de todos os dereitos económicos cercenados ao profesorado coa disculpa da "crise" que nós non provocamos, pero que si sufrimos nas nosas nóminas. Esiximos medidas para recuperar o perdido.
- **HORARIO LECTIVO DO PROFESORADO.** ANPE foi o único sindicato que esixiu á Ministra fixar un horario lectivo do profesorado máximo para todo o Estado, de tal xeito que non poida superar as 23 horas lectivas no ensino primario e 18 no secundario, e evitar así grandes diferenzas entre CCAA.
- **RATIOS DE ALUMNOS POR AULA.** É necesaria unha redución do número máximo de alumnos por aula en todos os ensinos, así como do mínimo de alumnos para que se poidan crear grupos, impartir materias e establecer ensinos, algo fundamental na zona rural. Ademais para o cálculo da ratio máxima que se teña en conta o alumnado ACNEAE e que compute como tres alumnos, reforzando así a atención a diversidade na nosa comunidade autónoma.
- **RECUPERACIÓN DAS EXTRAS E DOS 5,5 MESES.** Seguimos a loitar por recuperar a parte das pagas extra detraídas desde 2013 (usn 6.000 e). Esiximos o abono dos meses de verán aos substitutos con máis de 5,5 meses traballados.

- **AUMENTO DOS PERMISOS DE MATERNIDADE E PATERNIDADE.** Seguimos a demandar o aumento dos permisos de maternidade e o do outro proxenitor ata igualalos para acadar a corresponsabilidade no coidado dos fillos. Seguimos reclamando o dereito dos proxenitores a coidar dos fillos en repouso domiciliario.
- **FORMACIÓN INICIAL E PERMANENTE DO PROFESORADO.** Unha formación inicial e requisitos para impartir docencia similares en todos os corpos docentes que permita a integración de todos eles no máis alto grado funcional. Respecto de a formación permanente do profesorado, **debe ser gratuita e en horario lectivo.**
- **SISTEMA DE ACCESO AOS CORPOS DOCENTES.** É necesario ir a un sistema de concurso-oposición máis obxectivo, con temarios oficiais con contido, non meros títulos, e probas máis obxectivas. Débese seguir valorando a experiencia docente ata o máximo permitido pola legalidade e eximir da fase de prácticas a aqueles docentes que xa desempeñaron o seu labor docente como interinos durante un tempo mínimo.
- **ENFERMEIRA ESCOLAR.** Insistiremos na creación da figura da **enfermaría escolar**, servizo do que xa dispoñen os centros educativos de outras comunidades autónomas.
- **MÁXIMA OFERTA DE VACANTES NOS CXT.** Deben ofertarse o maior número posible de vacantes nos distintos concurso de traslados para diminuír o máximo posible a provisionalidade, dando así estabilidade á plantilla dos centros.

- **CARREIRA PROFESIONAL E XUBILACIÓN ANTICIPADA.** É imprescindible regular unha carreira profesional, con recoñecemento económico e administrativo, baseada en criterios obxectivos. Hai que potenciar a convocatoria en todas as CCAA de prazas de acceso a cátedras ata chegar ao 30 % do persoal. **É imprescindible tamén fixar un modelo de xubilación anticipada con carácter específico ao noso sector e asegurar a súa continuidade.**
- **PLAN DE MELLORA DA CONVIVENCIA E AUTORIDADE DOCENTE.** É necesario establecer un Plan de mellora da convivencia nos centros que sirva de marco para todas as CCAA, ademais dunha normativa nacional con rango de Lei que desenvolva o recoñecemento de autoridade pública do profesorado no exercicio da súa función.
- **PAPEL DOS CLAUSTROS E REDUCIÓN DA BUROCRACIA.** Os claustros deben recuperar o seu protagonismo e asumir máis competencias no goberno e toma de decisións dos centros educativos, por exemplo, elixindo ao director. Ademais, hai que reducir drasticamente a burocracia que sufrimos os docentes que non parou de aumentar nos últimos anos, agora máis que nunca, é necesario esixir menos burocracia e máis docencia.

ANPE, O DEFENSOR DO PROFESOR

VOTA POLO PROFESORADO
VOTA POLO ENSINO PÚBLICO
VOTA ANPE

